

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 29 de novembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria de bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia.*

Advertido erro no texto da citada orde, publicada no DOG nº 237, do luns, 10 de decembro de 2007, é necesario publicar a corrección seguinte:

Na páxina 19.415 debe incluírse:

«Núm. expte.: 2007/000514-0.

Solicitante: Nicolaita, Oana.

DNI/CIF: X7174805R.

Univ. onde se titulou: UDC.

Univ. onde solicita 3º ciclo: UDC.

Titulación: lic. Filoloxía inglesa.

Nota media final ponderada: 1,4539».

Que pasa a ocupar o posto número 17, na relación de bolseiros suplentes de Humanidades.

*Orde do 28 de abril de 2008 pola que se convoca e regula o programa de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso escolar 2008-2009.*

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (BOE do 4 de xullo) establece, no seu artigo 1, que todos os españois teñen dereito a unha educación que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio) establece no seu artigo 4, que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto para todas as persoas.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria foi implantando o programa de gratuidade de libros de texto de xeito progresivo, mediante a publicación de diversas ordes desde o ano 2003 ata o 2007, rematando este proceso no ensino obrigatorio nos centros sostidos con fondos públicos no curso escolar 2007-2008, cumprindo así o compromiso adquirido no ano 2003.

Tendo en conta a liberdade dos pais, nais ou tutores para a elección de centro e a dos centros docentes para a elección dos libros de texto, o proceso necesariamente ten que realizarse a través dos centros docentes onde se escolarice o alumnado.

De acordo co Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da Lei orgánica de educación, no curso escolar 2008-2009 implantaranse, con carácter xeral, as ensinanzas correspondentes a 3º e 4º de educación primaria e 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria.

Así pois, no próximo curso escolar procederase á reposición total dos catro cursos indicados no parágrafo anterior, ademais de 1º e 2º de educación primaria e os libros de texto ou materiais equivalentes do alumnado de educación especial, escolarizado en centros específicos ou ordinarios.

Ademais, é necesario proceder á reposición dos libros de texto por incremento de alumnado e deterioración dos libros de texto nos demais cursos.

Os obxectivos que se perseguen co programa son os seguintes:

a) Enmarcarse dentro do principio de gratuidade nas etapas obrigatorias e favorecer a igualdade de oportunidades, de xeito que o alumnado da nosa comunidade autónoma poida ter acceso a esta ferramenta pedagóxica.

b) Inculcar no alumnado valores de solidariedade, de conservación do material para a súa reutilización por outros e de coidado do ben colectivo como propio.

Segundo o indicado con anterioridade, esta consellería dispón a continuación do programa de gratuidade de libros de texto, a través do réxime de cesión de uso, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, e con criterios educativos e de organización que permitan un axeitado funcionamento deste servizo educativo.

En exercicio das competencias atribuídas no Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 9 de xaneiro de 2006), esta consellería

### DISPÓN:

Primeiro.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por finalidade regular o programa de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares que se desenvolverá no curso escolar 2008-2009.

2. O programa de gratuidade ten como obxectivo axudar ás familias a sufragar os custos de adquisición dos libros de texto.

3. Os libros adquiriraos a Administración e cedense para o seu uso polo alumnado, entendéndose estas axudas como subvención en especie de acordo coa disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O programa de gratuidade será de aplicación a todo o alumnado dos centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Os centros facilitaránlle ao alumnado de ensino obrigatorio e de educación especial, mediante o sistema de cesión de uso, os libros de texto das áreas que curse cada alumno ou alumna, de acordo coa relación de libros de texto incluídos no programa de gratuidade que se deberá publicar no taboleiro de anuncios do centro.

5. Non se inclúen no programa de gratuidade aqueles libros que, por diversas circunstancias, non poidan ser reutilizados polo alumnado durante catro cursos escolares, nin outros materiais de uso persoal tales como cadernos de idiomas, cadernos de exercicios ou libros nos que se escriba, pinte ou recorte.

Tampouco poderán adquirirse con cargo ao programa dicionarios, atlas, libros de titoría e outros materiais similares.

Os libros de texto de 1º e 2º curso de educación primaria e os materiais equivalentes do alumnado de educación especial exixen un tratamento diferenciado, por non poder ser reutilizados en cursos posteriores.

6. Os centros educativos poderán substituír a adquisición dos libros de texto para unha ou varias áreas por materiais curriculares elaborados polo correspondente departamento do centro, tendo en conta os límites establecidos no punto sexto desta orde, logo da autorización do órgano competente do centro para a aprobación dos libros de texto.

7. Estes materiais deberán ser reutilizables polo alumnado durante catro anos ao igual que os libros de texto, coa excepción dos de 1º e 2º curso de educación primaria e os destinados ao alumnado de educación especial, incluíndose neste caso todos os materiais curriculares aínda que non poidan ser reutilizados en cursos posteriores.

8. O importe destinado á elaboración e posta á disposición do alumnado destes materiais deberá acreditarse, ao igual que os libros, mediante factura.

#### Segundo.-Beneficiarios.

Será beneficiario do programa todo o alumnado que curse o ensino obrigatorio ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o previsto no punto terceiro desta orde.

A participación do alumnado no programa ten carácter voluntario.

#### Terceiro.-Actuacións no curso escolar 2008-2009.

No curso escolar 2008-2009 realizaranse as seguintes actuacións:

1. Reposición total dos libros de 1º, 2º, 3º e 4º de educación primaria e en 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria, así como os de educación especial.

2. Reposición por incremento do alumnado ou por deterioración dos libros de texto en 5º e 6º de educación primaria e 1º e 3º de educación secundaria obrigatoria.

A xestión do programa realizarase a través dunha empresa colaboradora.

Non obstante, as novas incorporacións que se produzan con posterioridade aos períodos de matrícula ordinario e extraordinario xestionaranas e xustificaranas directamente os centros docentes.

#### Cuarto.-Adhesión ao programa.

Todos os centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan

educación primaria e/ou educación secundaria obrigatoria ou educación especial no curso escolar 2008-2009 enténdense adheridos ao programa.

Ningunha librería ou establecemento autorizado para a venda de libros que queira adherirse ao sistema poderá ser excluída. O mecanismo de adhesión ao sistema de pagamentos non poderá supoñer ningún custo para as librerías. A adhesión ao sistema polas librerías realizarase a través da suscripción dun acordo coa empresa colaboradora adxudicataria do servizo, que será a encargada de realizar as xestións para publicitar o programa e as súas condicións. No indicado acordo precisaranse os mecanismos de xestión do programa de acordo con esta orde e articularanse as relacións entre a librería e a empresa colaboradora.

#### Quinto.-Permanencia dos libros de texto.

A elección dos libros de texto que se utilizan no programa de gratuidade manterase durante un período de catro cursos e a súa aprobación efectuarase de acordo coa normativa vixente.

#### Sexto.-Importe máximo por alumno e curso.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aboará os libros de texto nos seguintes importes máximos por alumno/a acollido ao programa e curso:

Educación primaria			
Curso	Importe máximo de reposición por deterioración dos libros	Importe máximo de reposición por incremento de alumnado	Reposición total: importe máximo por alumno/a acollido
Primeiro			150 €
Segundo			150 €
Terceiro			160 €
Cuarto			160 €
Quinto	17 €	170 €	
Sexto	17 €	170 €	
Educación secundaria obrigatoria			
Primeiro	25 €	240 €	
Segundo			240 €
Terceiro	25 €	250 €	
Cuarto			250 €
Educación especial			
			250 €

Sétimo.-Procedemento para a adquisición dos libros de texto de 1º, 2º, 3º e 4º de educación primaria, 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria e educación especial.

Para a adquisición destes libros de texto seguirase o seguinte procedemento:

a) Entrega da autorización para a adquisición dos libros de texto.

Durante os períodos de matrícula os centros facilitarán ao alumnado ou aos pais os impresos orixinais para a adquisición dos libros de texto, por triplicado, segundo o modelo establecido como anexo I a esta orde, xunto cun documento en que se especificará o importe máximo dese curso que lle será facilitado pola empresa colaboradora na xestión. No anexo I faranse constar unicamente os libros de texto que necesite cada alumno ou alumna de acordo coas áreas do currículo en que vaian estar matriculados no curso escolar 2008-2009.

Ao alumnado de educación secundaria obrigatoria que non supere o curso en xuño entregaráselle o anexo ao comezo do mes de setembro.

b) Adquisición dos libros de texto nas librarías.

Os pais, nais ou tutores, así como as persoas ou institucións que posúan a garda e protección dos menores deberán presentar, na librería que libremente decidan, antes do 31 de xullo, os exemplares orixinais do anexo I, debidamente asinados, xunto co documento xustificativo do importe máximo. Dous exemplares do anexo I así como o documento xustificativo do importe máximo quedarán no establecemento e o terceiro será datado, asinado e selado pola librería e devolto aos pais, con indicación, de ser o caso, do libro ou libros que non se inclúen por superar o importe máximo previsto na orde.

O prazo para presentar esta documentación nas librarías para o alumnado que non supere o curso en xuño rematará o 15 de setembro.

No caso dos centros de educación especial, e dada a variedade, complexidade e/ou dificultade dos libros de texto ou materiais equivalentes que se adquiren, as direccións dos centros poderán realizar esta xestión en nome dos pais sempre que contén coa autorización por escrito destes. Ademais, antes de realizaren as xestións os pais, nais ou tutores deberán asinar o anexo I, na epígrafe correspondente.

c) Entrega dos libros de texto nos centros.

As librarías que se comprometeran a levar os libros aos centros deberán entregalos entre o 1 e o 5 de setembro, xunto con dous exemplares do anexo I de cada alumno ou alumna. Un deles será devolto ao libreiro, unha vez que a dirección do centro faga constar o correspondente recibín, con indicación da data, sinatura e selo do centro.

No caso de que a librería non leve os libros ao centro, no momento en que os pais, nais ou tutores pasen a recoller o lote de libros, a librería facilitaralles un dos exemplares do anexo I para entregar no centro, co lugar, a data, a sinatura e o selo da librería, xunto cos libros de texto. Así mesmo, no outro exemplar do anexo I o pai, nai o titor fará constar o correspondente recibín, con indicación da data, apelidos, nome e sinatura.

Neste caso, os libros deberán entregalos eles, xunto co exemplar do anexo I que lles devolveu a librería asinado, no mesmo prazo que as librarías, é dicir, entre o 1 e o 5 de setembro.

Os libros solicitados na primeira quincena de setembro serán entregados polas librarías ou os pais no centro entre o 16 e o 30 deste mes, acompañados do correspondente anexo I.

Unha vez recibidos os libros de texto o centro procederá ao seu inventario e identificación.

d) Envío das facturas por parte das librarías.

O prazo para que as librarías envíen as facturas á empresa colaboradora, mediante o procedemento que se estableza, empeza o 1 de agosto e remata o 31 de outubro.

As facturas recollerán o prezo efectivo que se aboará polos libros de texto, incluíndo, de ser o caso,

os descontos que, de acordo co establecido pola normativa vixente, puidesen realizarse sobre o prezo destes, sen que en ningún caso o prezo final do lote poida superar o importe máximo.

Quedarán baixo a custodia da empresa colaboradora, á disposición dos órganos de fiscalización e control competentes, os anexos I debidamente asinados, as facturas orixinais e os xustificantes de pagamento, así como calquera outra documentación que derive da aplicación do establecido nesta orde.

No prazo máximo de tres meses desde a finalización do contrato, a empresa colaboradora deberá facer entrega de toda a documentación debidamente ordenada e arquivada á consellería, xunto cunha aplicación informática que recolla toda a información, e que permita a localización inmediata de calquera expediente.

*Oitavo.-Procedemento para a reposición de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 3º de educación secundaria obrigatoria.*

1. Os centros poderán repoñer por deterioración e/ou incremento os exemplares de libros de texto de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 3º de educación secundaria obrigatoria que sexan necesarios para o curso escolar 2008-2009, como consecuencia de:

a) O incremento de alumnado acollido ao programa neste nivel educativo con respecto aos acollidos no curso ou cursos anteriores.

b) Os exemplares que, debido ao seu grao de deterioración, non poidan ser utilizados polo alumnado no curso escolar 2008-2009, sempre que esta deterioración non sexa imputable ao alumno ou alumna, coas limitacións establecidas no artigo 6º desta orde.

c) Os exemplares para o alumnado con materias pendentes ou optativas incluíranse na epígrafe de reposición por incremento de alumnado, imputando ao programa unicamente o importe das facturas, sempre que o centro non dispoña dos libros e a contía asignada por deterioración non sexa suficiente para cubrir estes gastos.

2. Os exemplares de reposición serán adquiridos pola dirección do centro, debendo utilizar o anexo II para reposición por deterioración dos libros e o anexo III para incremento, en ambos os casos por duplicado, cubrindo os datos do centro, os datos de alumnado matriculado e acollido para os efectos de establecer os máximos, e os dos libros de texto, facendo constar, así mesmo, o número de exemplares de cada área. Un dos exemplares do anexo II ou III deberá ser devolto ao centro asinado e selado pola librería e o outro quedará en posesión desta.

3. Envío das facturas por parte das librarías.

O prazo para que as librarías envíen as facturas de reposición por deterioración dos libros ou por incremento de alumnado á empresa colaboradora empeza o 1 de agosto e remata 31 de outubro.

As facturas recollerán o prezo efectivo que se aboará polos libros de texto, incluíndo, de ser o caso, os descontos que, de acordo co establecido pola normativa vixente, puidesen realizarse sobre o prezo

destes, sen que en ningún caso o prezo final do lote poida superar o importe máximo.

Quedarán baixo a custodia da empresa colaboradora, á disposición dos órganos de fiscalización e control competentes, os anexos II e III, as facturas orixinais e os xustificantes de pagamento, así como calquera outra documentación que derive da aplicación do establecido nesta orde.

*Noveno.-Procedemento para o aboamento do importe do programa de gratuidade de libros de texto.*

Se a empresa colaboradora o solicita, a consellería libraralle adiantos tras a presentación da correspondente garantía ou aval.

A empresa colaboradora, unha vez que reciba os adiantos enviados pola consellería para este programa e recibidas as facturas, procederá, no prazo máximo de 45 días ou nun prazo menor se así o establece o licitador, ao aboamento destas na conta indicada na factura.

*Décimo.-Presentación da xustificación por parte da entidade colaboradora.*

1. A propiedade dos libros, en todo caso, correspóndelle á Administración.

2. A consellería fará libramentos parciais á empresa do custo dos libros a medida que a entidade adjudicataria xustifique os pagamentos efectuados ás librarías. Deberán achegar, para a súa xustificación, a seguinte documentación:

-Bases de datos en formato dixital e os informes en formato excel e PDF que se soliciten.

-Acreditación bancaria do aboamento realizado ás librarías, os datos do aboamento en formato dixital e os informes en formato excel e PDF que se soliciten.

3. A empresa colaboradora na xestión enviará a xustificación total do programa antes do 20 de decembro de 2008, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, edificio administrativo San Caetano, bloque II, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. Se o importe xustificado polas librarías supera o enviado á empresa colaboradora, e sempre coas limitacións dos importes máximos previstos no artigo 6º desta orde, a consellería asignaralle un pagamento complementario pola diferenza entre o ingresado e o importe da xustificación dos libros de texto.

5. No caso de que o importe recibido da consellería fose superior ao xustificado, a empresa colaboradora deberá reintegrar o importe sobrance na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia nº 2091 0300 47 3110063172, facendo constar no concepto «Devolución programa de gratuidade libros de texto 2008-2009», e enviar copia compulsada do xustificante da operación coa xustificación.

6. Serán de aplicación todas as obrigas que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para as entidades colaboradoras.

*Décimo primeiro.-Incorporación de novo alumnado ao longo do curso.*

1. A adquisición dos libros de texto para a incorporación ao centro de novo alumnado que se acolla ao programa, en calquera dos cursos obxecto de gratuidade, poderá ser tramitada pola dirección do centro empregando o anexo III, segundo o procedemento establecido no punto oitavo.2 desta orde, ou ben, polos pais, empregando o anexo I, e segundo o establecido no punto sétimo, letras a), b) e c) desta orde.

O prazo para a incorporación de novo alumnado ao programa remata o 31 de marzo de 2009.

Os centros xustificarán os gastos dos libros das novas incorporacións, segundo o anexo IV desta orde, que será cuberto como se indica no artigo 14º, punto 2 desta orde.

2. Os centros concertados poderán presentar a citada documentación en calquera dos rexistros a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro). Se a solicitude fose remitida por correo certificado, presentarase en sobre aberto para que sexa dataada e selada polo funcionario de correos.

3. Para os efectos de cómputo de prazos os rexistros dos centros docentes non son válidos, de conformidade co disposto no Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán (DOG do 24 de xuño).

*Décimo segundo.-Alumnado con necesidades educativas específicas.*

Poderán adquirirse con cargo a este programa os libros de texto que utilice o alumnado que, estando matriculado nun curso obxecto de gratuidade, presenta necesidades educativas específicas, aínda que non se correspondan cos aprobados polo órgano competente do centro para o citado nivel educativo, logo de informe motivado ao respecto do departamento de orientación ou órgano equivalente dos centros privados concertados, que quedará arquivado na secretaría do centro xunto co resto da documentación do programa. Deberanse ter en conta os límites por alumno ou alumna e curso establecidos no artigo 6º desta orde.

O alumnado de centros específicos de educación especial, así como o que, estando escolarizado en centros ordinarios non está matriculado en ningún curso de primaria ou ESO, deberá acollerse á epígrafe de educación especial, coas limitacións establecidas no punto sexto desta orde.

*Décimo terceiro.-Da propiedade, conservación e uso dos libros.*

1. O centro, ao recibir os libros de texto do alumnado, procederá ao seu inventario, debendo ser convenientemente identificados e conservados, podendo dispoñer deles o alumnado en réxime de cesión de uso.



2. Concluído o período lectivo os libros de texto serán reintegrados e depositados polo alumnado nos centros, coa finalidade de ser revisados e determinar o seu grao de conservación e a súa posible reutilización durante o curso seguinte, segundo o procedemento establecido polo centro. Non obstante, o alumnado de educación secundaria obrigatoria que estea pendente da realización dos exames de setembro ten de prazo ata o 8 dese mes para devolver os libros.

3. Se ao longo do curso escolar un alumno ou alumna se traslada de centro, deberá devolver ao centro de orixe os libros de texto. Unha vez que se incorpore ao novo centro, a dirección do centro de destino, despois de comprobar que o alumno ou alumna devolveu os libros de texto no centro de orixe, tramitará a correspondente reposición de libros por incremento de alumnado, segundo o previsto no artigo 11º desta orde, unicamente se o centro non dispón de libros para facilitarlle ao alumno.

4. O alumnado quedará obrigado a conservar en bo estado os libros de texto entregados e a devolvelos ao centro ao finalizar o período lectivo. Se os libros están estragados e a deterioración é imputable ao alumno ou alumna, o centro requirirá os pais, nais ou tutores para que os repoñan. De non repoñerse voluntariamente, procederáse conforme a lexislación referida ás subvención públicas en materia de reintegro.

#### Décimo cuarto.-*Información sobre o programa.*

1. Esta orde, así como toda a información relativa ao programa, poderá consultarse no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no enderezo <http://www.edu.xunta.es>, no enlace de gratuidade de libros de texto. Tamén se poderán descargar os anexos I, II e III en formato PDF.

2. Os anexos IV, así como as súas posibles correccións, para o caso de novas incorporacións, deberán ser cubertos nesta páxina, accedendo á aplicación informática Xadelibros deseñada pola consellería para estes efectos, que estará dispoñible a partir do 1 de xaneiro de 2009, co nome de usuario e contrasinal do correo electrónico de [edu.xunta.es](mailto:edu.xunta.es) do director ou do secretario. Esta aplicación permitirá introducir os datos necesarios e a impresión dos anexos que deberán ser asinados polo director e selados para seren enviados por correo postal á consellería.

3. A empresa colaboradora porá á disposición dos participantes no programa un teléfono 900 así como unha páxina web para a súa información.

#### Décimo quinto.-*Financiamento do programa.*

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará o programa con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.423A.780.0 por importe de 21.694.393,98 euros para o ano 2008 e na contía de 433.887,88 euros para 2009.

2. O importe do ano 2008 poderá incrementarse cos importes remanentes do programa de gratuidade de libros de texto do curso 2007-2008, unha vez que se conclúa a súa execución e se peche este, e así se publique no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O importe do programa tamén poderá incrementarse se, antes da resolución de concesión, se recibiu

se transferencia do Ministerio de Educación e Ciencia para esta mesma finalidade, e así se publique no *Diario Oficial de Galicia*.

4. Non obstante, dado o carácter universal do programa, se os importes anteriores non fosen suficientes, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá as medidas necesarias para garantir a gratuidade dos libros para todo o alumnado acollido ao programa, dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

#### Décimo sexto.-*Recursos.*

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, segundo a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo).

#### *Disposicións adicionais*

##### *Primeira.-Incompatibilidades.*

As axudas concedidas a través do programa de gratuidade de libros de texto establecidas nesta orde serán incompatibles con calquera outra axuda que se conceda para o mesmo fin, comprometéndose os beneficiarios ao reintegro á Administración de calquera outro importe recibido para a mesma finalidade.

##### *Segunda.-Constitución da comisión de seguimento.*

Cada centro educativo incorporará ao seu Regulamento de réxime interior os criterios básicos para o funcionamento deste programa. Así mesmo, dentro do consello escolar de cada centro constituirase unha comisión de seguimento, integrada por representantes de distintos sectores da comunidade educativa, coa finalidade de coordinar todas as actuacións necesarias para o desenvolvemento do programa.

#### *Disposicións derradeiras*

*Primeira.-*Atribúenselle ao director do centro docente e ao seu equipo directivo, no ámbito das súas competencias, as funcións e responsabilidades propias da prestación do programa de gratuidade de libros de texto para que se estenda ao alumnado.

*Segunda.-*Autorízase a titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar todos os actos e as medidas necesarias para a aplicación do establecido nesta orde.

*Terceira.-*Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria



ANEXO I

Programa cofinanciado por:



PROCEDEMENTO <b>PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO - CURSO 2008/2009</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED330A</b>	DOCUMENTO <b>AUTORIZACIÓN DE COMPRA</b>
--	---	--

**DATOS DO CENTRO**

DON/DONA		DIRECTOR/A DO CENTRO	
CÓDIGO DE CENTRO		ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

**CERTIFICACIÓN/AUTORIZACIÓN**

Certifica que o alumno ou alumna \_\_\_\_\_ matriculado/a no curso escolar 2008/2009 en \_\_\_\_\_ (indicar curso, agás en educación especial) de educación \_\_\_\_\_ (indicar nivel educativo) pode acollerse ao programa de gratuidade de libros de texto e adquirir na librería da súa elección os libros de texto que se relacionan a seguir, que son os que foron aprobados polo órgano competente deste centro para as áreas que vai cursar o alumno ou alumna neste curso.

**LIBROS DE TEXTO**

Curso (*)	Área	Título	Autor/es	Editorial	ISBN	Ano de publicación	(1)
							<input type="checkbox"/>
							<input type="checkbox"/>
							<input type="checkbox"/>
							<input type="checkbox"/>
							<input type="checkbox"/>
							<input type="checkbox"/>
							<input type="checkbox"/>
							<input type="checkbox"/>
							<input type="checkbox"/>
							<input type="checkbox"/>
							<input type="checkbox"/>
							<input type="checkbox"/>

(\*) Agás en educación especial  
 (1) No caso de que o importe máximo do lote de libros por alumno e curso, segundo o previsto no punto sexto da orde de convocatoria, non fose suficiente para incluír todos os libros de texto relacionados no anexo, a librería indicará cun "X" o libro ou libros que non se incluírán na factura no momento da devolución deste anexo ao pai, nai ou titor.

**LUGAR, DATA, SINATURA E SELO DO CENTRO**

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O DIRECTOR,

Asdo.:

**DATOS PARA CUBRIR POLA LIBRARÍA**

DENOMINACIÓN	CIF	
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO
LUGAR, DATA, SINATURA E SELO		
_____ de _____ de _____		
Asdo.:		

**DECLARACIÓN DO PAI / NAI / TITOR**

DON/DONA	DNI
- Acepta a subvención, declara que non recibe ningunha outra axuda para a mesma finalidade e comprométese a cumprir o réxime de compatibilidade establecido na disposición adicional primeira da orde de convocatoria	
- Comprométese a entregar os libros no centro (no caso de que non os entregue a librería), a devolver os libros en perfecto estado ao remate do curso escolar e a cumprir as demais condicións da orde de convocatoria	
LUGAR, DATA E SINATURA	
_____ de _____ de _____	
Asdo.:	

**COMPROMISO DE ENTREGA DOS LIBROS NO CENTRO (Sinala cun "X" o que proceda)**

<b>A LIBRARÍA ENTREGARÁ OS LIBROS NO CENTRO?</b>	SI <input type="checkbox"/>	Neste caso a librería quedará cos dous exemplares do anexo I e deberá entregar un deles, xunto cos libros, no centro, entre o 1 e o 5 de setembro.
	NON <input type="checkbox"/>	Neste caso a librería devolverá un exemplar do anexo I ao pai/nai/titor xunto cos libros, para que os pais entreguen no centro, tanto o anexo como os libros, entre o 1 e o 5 de setembro.

**RECEPCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO**

<b>Recibín, O DIRECTOR DO CENTRO</b>	<b>Recibín, O PAI, NAI ou TITOR</b>
Lugar, data, sinatura e selo	Lugar, data e sinatura
_____ de _____ de _____	_____ de _____ de _____
Asdo.:	Asdo.:



## ANEXO II

Programa cofinanciado por:



PROCEDEMENTO <b>PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO - CURSO 2008/2009</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED330A</b>	DOCUMENTO <b>REPOSICIÓN POR DETERIORACIÓN DOS LIBROS</b>
--	---	---

## DATOS DO CENTRO

DON/DONA		DIRECTOR/A DO CENTRO	
CÓDIGO DE CENTRO		ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

## CERTIFICACIÓN

Certifico que os datos indicados a continuación coinciden coa matrícula do centro nos cursos que se indican e co alumnado acollido ao programa de gratuidade de libros de texto durante o curso 2008/2009, e que os libros que se inclúen neste anexo son os necesarios para a reposición por deterioración e foron aprobados polo órgano competente deste centro.

## IMPORTE MÁXIMO POR CURSO:

CURSO	Nº DE ALUMNOS MATRICULADOS	a) Nº DE ALUMNOS ACOLLIDOS AO PROGRAMA	b) IMPORTE MÁXIMO POR ALUMNO ACOLLIDO	IMPORTE MÁXIMO POR CURSO (*) (a x b)
5º DE PRIMARIA			17 €	0
6º DE PRIMARIA			17 €	0
1º DE ESO			25 €	0
3º DE ESO			25 €	0

(\*) Non se permite a compensación entre distintos cursos.

## LIBROS DE TEXTO

Nº de exemplares	Curso (*)	Área	Título	Autor/es	Editorial	ISBN	Ano de publicación	(1)
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>

(1) No caso de que o importe máximo para cada curso indicado polo centro, calculado segundo o previsto no punto sexto da orde de convocatoria, non fose suficiente para incluír todos os libros de texto relacionados no anexo, a librería indicará cun "X" o libro ou libros que non se incluírán na factura

## LUGAR, DATA, SINATURA E SELO DO CENTRO

, de de  
O DIRECTOR,

Asdo.:

DATOS PARA CUBRIR POLA LIBRARÍA			
DENOMINACIÓN	CIF		
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL		
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO	
Lugar, data, sinatura e selo			
, de de			
Asdo.:			

RECEPCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO
Recibín, O DIRECTOR DO CENTRO
Lugar, data, sinatura e selo
, de de
Asdo.:



PROCEDEMENTO <b>PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO - CURSO 2008/2009</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED330A</b>	DOCUMENTO <b>REPOSICIÓN POR INCREMENTO DE ALUMNADO</b>
--	---	---

**DATOS DO CENTRO**

DON/DONA		DIRECTOR/A DO CENTRO	
CÓDIGO DE CENTRO		ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

**CERTIFICACIÓN**

Certifica que os libros que se indican a continuación son os necesarios para a reposición por incremento de alumnado do programa de gratuidade de libros de texto con respecto ao/s curso/s anterior/es que non se poden cubrir coas existencias de libros de que dispón o centro e coincide cos que foron aprobados polo órgano competente deste centro.

**IMPORTE MÁXIMO POR CURSO:**

CURSO	Nº DE ALUMNOS MATRICULADOS	a) Nº DE ALUMNOS ACOLLIDOS AO PROGRAMA	b) IMPORTE MÁXIMO POR ALUMNO ACOLLIDO	IMPORTE MÁXIMO POR CURSO (*) (a x b)
5º DE PRIMARIA			170 €	0
6º DE PRIMARIA			170 €	0
1º DE ESO			240 €	0
3º DE ESO			250 €	0

(\*) Non se permite a compensación entre distintos cursos.

**LIBROS DE TEXTO**

Nº de exemplares	Curso (*)	Área	Título	Autor/es	Editorial	ISBN	Ano de publicación	(1)
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>
								<input type="checkbox"/>

(1) No caso de que o importe máximo indicado polo centro, calculado segundo o previsto no punto sexto da orde de convocatoria, non fose suficiente para incluír todos os libros de texto relacionados no anexo, a librería indicará cun "X" o libro ou libros que non se incluírán na factura.

**LUGAR, DATA, SINATURA E SELO DO CENTRO**

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
O DIRECTOR,

Asdo.:

<b>DATOS PARA CUBRIR POLA LIBRARÍA</b>			
DENOMINACIÓN		CIF	
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO	
<b>LUGAR, DATA, SINATURA E SELO</b>			
_____, de _____ de _____			
Asdo.:			

<b>RECEPCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO</b>	
<b>Recibín, O DIRECTOR DO CENTRO</b>	
Lugar, data, sinatura e selo	
_____, de _____ de _____	
Asdo.:	



## ANEXO IV

PROCEDEMENTO: PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO - CURSO ESCOLAR 2008-2009	DOCUMENTO: XUSTIFICACIÓN DE NOVAS INCORPORACIÓNS
--	---

PRAZO DE PRESENTACIÓN DA XUSTIFICACIÓN: ATA O 31 DE MARZO DE 2009
---

DATOS DO CENTRO:

Don/dona			
Director/a do centro			
Código do centro	Concello	Provincia	Teléfono

CERTIFICACIÓN:

Certifico que os datos indicados a continuación coinciden co alumnado de nova matriculación no centro e incorporado ao programa de gratuidade de libros de texto durante o curso 2008-2009, e que quedarán debidamente arquivados no centro as facturas, os xustificantes de pagamento, así como o resto da documentación requirida pola orde de convocatoria.

	Nº de alumnos matriculados	a) Nº de alumnos acollidos ao programa	b) Importe máximo por alumno acollido	Importe máximo (a x b)	Importe das facturas	Importe que aboará a consellería (*)
REPOSICIÓN POR NOVAS INCORPORACIÓNS QUE SUPOÑAN INCREMENTO DE ALUMNADO CON RESPECTO Á XUSTIFICACIÓN INICIAL E QUE NON SE POIDAN CUBRIR COAS EXISTENCIAS DE LIBROS DE TEXTO DE QUE DISPOÑA O CENTRO						
1º DE PRIMARIA						
2º DE PRIMARIA						
3º DE PRIMARIA						
4º DE PRIMARIA						
5º DE PRIMARIA						
6º DE PRIMARIA						
1º DE ESO						
2º DE ESO						
3º DE ESO						
4º DE ESO						
EDUCACIÓN ESPECIAL						
IMPORTE TOTAL QUE ABOARÁ A CONSELLERÍA						

(\*) Teña en conta que de acordo coas limitacións establecidas no artigo 6º da orde de convocatoria non se aboarán importes superiores aos da columna "importe máximo", en cada unha das epígrafes.

LUGAR, DATA, SINATURA E SELO DO CENTRO

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_

O DIRECTOR,

Asdo.: \_\_\_\_\_